

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DO BOLO PARA MELLORA DA ESTRADA DE CAMBELA AO LUGAR DO VAO

Ourense, a 7 de agosto de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 9.2.a) do Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Doutra parte, Manuel Corzo Macías, na súa condición de alcalde do Concello do Bolo actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. A estrada de Cambela foi planificada nos anos 50 do século XX para dar acceso ás obras de construción do encoro do Vao sobre o río Bibei, así como para o poboado que daba servizo á devandita construción. Unha vez executada, converteuse na infraestrutura

viaria que comunica O Bolo con Manzaneda, permitindo conectar o eixo que une A Rúa con A Gudiña (OU-533) coa estrada que une Vilariño e Conxo e A Pobra de Trives (OU-0701) pasando por Manzaneda. Polo tanto, a súa función transcende o ámbito municipal, a pesar de ser titularidade do Concello do Bolo, sendo a única vía transversal que facilita o acceso a Manzaneda sen ter que dar un rodeo, ben polo sur ata a Viana do Bolo, ou ben polo norte ata A Rúa.

En cabeza de Manzaneda sitúase a única estación de esquí de Galicia, que ademais está a desestacionalizar a súa actividade como estación de montaña na que se realizan actividades durante todo o ano. Esta estación é de interese autonómico pola súa importancia para a comarca como polo atractor de visitantes e de feito a Xunta de Galicia participa no capital da sociedade que a xestiona.

A estrada de Cambela, ademais, é fundamental para a economía local, por ser a vía pola que se accede para a xestión dos bosques de castiñeiros e apicultura, actividades con importante repercusión e que son as que a día de hoxe permiten fixar poboación nunha zona cunha demografía en acusado declive.

Segundo. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Terceiro. É de interese da Xunta de Galicia fomentar un acceso axeitado ás actividades económicas que a nivel comarcal (estación de montaña de Cabeza de Manzaneda, entre outras) e local (producción de castaña, apicultura, acceso ao poboado do Vao), sosteñen á economía e fixan poboación. Neste sentido, a Xunta de Galicia e está a tramitar o anteproxecto de Lei de impulso demográfico de Galicia que no se establece que a

Administración Autonómica “dotará o territorio galego das infraestruturas de transporte e comunicacións necesarias para que todos os galegos e galegas poidan acceder de maneira axeitada aos servizos de vías de altas capacidades”.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello do Bolo, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.



Como se sinalou, con este convenio conseguírase mellorar a situación da estrada de Cambela, cun interese municipal dado que é de titularidade local e supramunicipal e autonómico, ao ser un itinerario principal para explotacións que conseguen fixar poboación no medio rural e para acceso ás instalacións de interese autonómico de Cabeza de Manzaneda. Esa consideración de complementariedade e de concorrencia de intereses xustifica a concesión directa dunha subvención ao Concello do Bolo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.



Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto do presente convenio é o establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Bolo para a mellora dun treito da estrada de Cambela ao lugar do Vao, por ser unha estrada de interese local ao ser de titularidade municipal e dar acceso e actividades económicas de apicultura e castaña, e de interese autonómico por ser un itinerario con destino á estación de montaña de Cabeza de Manzaneda e contribuír ao obxectivo de fixar poboación no medio rural, que é estratéxico para a Administración Autonómica.

As obras afectan ao primeiro tramo da estrada, comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 1+500 cunha lonxitude de 1.500 m.

As principais actuacións a realizar son as seguintes:

- Limpeza de gabias e taxeas.

Regularización superficial do firme con bacheo previo e dobre tratamento superficial posterior.

Sinalización horizontal que delimite a estrada e aumente a seguridade viaria, en especial de noite e en momentos de condicións climatolóxicas adversas.

- Mellora da sinalización vertical.

O orzamento de execución das obras estímase en **CORENTA E OITO MIL CATROCIENTOS EUROS (48.400,00 €)** IVE incluído.

SEGUNDA.- REQUISITOS.

De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello do Bolo cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. - OBRIGAS DO CONCELLO.

Ademais das establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas do Concello do Bolo:

1. Levar a cabo as actuacións necesarias para a correcta execución das obras obxecto deste convenio (redacción de documento técnico necesario para a execución das obras, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
4. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
5. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
6. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e,




en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

7. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
8. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.



CUARTA.- COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar as obras destinando para iso ata un máximo de **CORENTA E OITO MIL CATROCENTOS EUROS (48.400,00 €)** con cargo a partida orzamentaria 08 A1 512B 760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega do ano 2019.



QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,



poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello do Bolo xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

- Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
- Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.

Serán subvencionables os gastos realizados durante o ano 2019. A data límite para a xustificación é o 30 de novembro do ano 2019.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello do Bolo, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMIENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello do Bolo.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.



OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas na cláusula terceira deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019 e financiará os gastos realizados dende a súa sinatura nas condicións establecidas na cláusula quinta.



Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega
de Infraestruturas



Ethel Mª Vázquez Mourelle

O alcalde do Concello
do Bolo



Manuel Corzo Macías